CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.</li> <li>- Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</li> <li>- Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</li> <li>- Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</li> <li>- Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.</li> <li>- Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma.</li> <li>- Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.</li> <li>- Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</li> <li>- Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.</li> <li>- Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.</li> <li>- Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.</li> <li>- Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.</li> <li>- Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</li> <li>- Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</li> <li>- Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.</li> <li>- Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.</li> <li>- Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.</li> <li>- Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.</li> <li>- Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.</li> <li>- Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.</li> <li>- Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.</li> <li>- Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.</li> <li>- Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.</li> <li>- Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.</li> <li>- Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.</li> <li>- Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.</li> <li>- Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.</li> </ul>

## 7. METODOLOXÍA

### 7.1.Aspectos xerais

- A idea fundamental da metodoloxía é a consideración do alumno/a coma o principal protagonista da súa propia aprendizaxe; deste xeito o profesor/a convértese nun mediador dese proceso e debe ter en conta que a metodoloxía debe ser:
  - o ACTIVA: permita a máxima participación do alumnado no proceso.
  - o FLEXIBLE: os métodos didácticos están subordinados ás características do alumnado, estrutura da actividade, medios a dispoñer...
  - o PARTICIPATIVA: fomentar a cooperación, o compañerismo e as actitudes sociais.
  - o INTEGRADORA: contribuirá á mellora das capacidades físicas, psíquicas e sociais de cada alumno/a en función das súas posibilidades, sen distinción de sexo ou calquera outra connotación.

### 7.2. Estratexias metodolóxicas

Neste curso 2020/21 primará o traballo individual, a limitación da distancia de seguridade, sen compartir moito material e baseado na actividade física dende a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social.

Considérome defensor do eclecticismo metodolóxico, escudando o uso de diferentes métodos según os contidos que estemos traballando e o grupo ao que van dirixidos. Deste xeito, usaremos métodos clásicos, como son a asignación de tarefas ou reprodución de modelos e tamén aqueles máis novidosos e actuais como son aprendizaxe por proxectos ou Flipped classroom (clase invertida).

### 7.3. Outras decisións metodolóxicas

#### → AGRUPAMENTOS:

- o Este curso serán prioritariamente individuais, ou en grupos reducidos, mantendo a distancia de seguridade; homoxéneos ou heteroxéneos en función do obxectivo buscado; e os criterios de elección poderán ser ao azar, por afinidade ou polas características físicas. A composición será decidida polo profesor, polo alumnado ou de forma conxunta.

#### → TEMPOS:

- o Cada grupo ten dúas clases semanais de Educación Física de 50 minutos pero debido aos traslados e a hixiene de mans ó saír da aula e entrar no pavillón verase reducida a 40 minutos. Este curso usarán as cabinas dos vestuarios para cambiarse as camisetas e as zapatillas, sempre entrando individualmente e mantendo as distancias.

#### → ESPAZOS:

- o O centro conta con:
  - Anexo ao edificio principal atópase o polideportivo cuberto, que será a aula principal do departamento de Educación Física.
  - A maiores dispónse por parte do departamento da posibilidade de empregar o polideportivo municipal que está contiguo ao centro así como o campo de fútbol que se atopa o seu carón.
- o Isto non quere dicir que só se usen esas instalacións para E.F. xa que haberá momentos nos que poderemos impartir clase nas aulas ou na biblioteca.

## 7.4. Contribución aos plans e proxectos do centro:

- **Contribución ao Proxecto Lector:** desde o Departamento de Educación Física propondremos diferentes lecturas, artigos ou textos vinculados a: biografías de deportistas, nutrición, superación persoal, actividade física e saúde...
- **Contribución ao Plan de Convivencia:** aprender a convivir desde a responsabilidade, saber compartir, superar o conflito con diálogo ou a reconciliación; son intencións formalizadas que conlevan a aplicación dos seguintes principios metodolóxicos:
  - A delegación de responsabilidade aos alumnos e alumnas.
  - A aprendizaxe cooperativa e compartida.
  - A atención á diversidade de intereses e posibilidades motrices.
  - A aposta por unha Educación Física coincidente cun enfoque participativo.
- **Contribución ao Plan TIC,** realizaranse actividades como: a visualización de vídeos en diferentes formatos, gravacións feitas na aula sobre as tarefas realizadas, vídeos explicativos sobre as materias tratadas, consulta e procura de información en páxinas web ou ligazóns a páxinas relacionadas cos contidos conceptuais.

## 7.5. Materiais e recursos didácticos

### ➔ MATERIAIS:

- Despois de dous anos de funcionamento do centro, aínda estamos a aprovisionar o Departamento co material axeitado para levar a cabo as unidades didácticas previstas. O material empregado dependerá fundamentalmente do tipo de contido que se esté a traballar:
  - Condición física: balóns medicinais de 3 e 4 kg, bancos suecos, colchonetas, cronómetros, picas, aros, etc.
  - Actividades na natureza: mapas, compases, cordas, arneses, mosquetóns, descensores...
  - Coordinación, axilidade e equilibrio: colchonetas, bancos suecos, quitamedos, poldro, plinto, aros, espaldeiras, cordas, etc.
  - Expresión corporal: equipo de música, cordas, bancos, balóns de psicomotricidade, etc.
  - Xogos e deportes: balóns de cada un dos deportes, raquetas, volantes, redes, aros, porterías, materiais de xogos tradicionais, etc.

### ➔ RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Materiais impresos:
  - Necesitaranse materiais como soporte dos contidos teóricos e prácticos, é por iso que tomaremos como referencia o libro de texto.
  - Instrumentos de avaliación como: listas de control, escalas de cualificación, exames...
- Medios audiovisuais e informáticos:
  - Pódese solicitar a aula TIC do centro con acceso a internet para o traballo de investigación nalgunhas unidades didácticas.
  - Contamos cun equipo de música para as UD de ritmo e expresión.

## 8. AVALIACIÓN

### Avaliación inicial

- **Obxectivo:** identificar o nivel de partida dos alumnos/as para plantexar a unidade didáctica adaptada a este.
- **En que data se realizará?** Realizarase ao comezo de curso e ao inicio das diferentes unidades didácticas.
- **En que consistirá?** Probas tipo test, preguntas e respostas, fichas de observación ou rúbricas para valorar o nivel de partida.
- **Consecuencias dos resultados das probas e información ás familias:** Mediante estas probas detectaranse as dificultades de cada alumno/a para darlle unha atención individualizada e tomar desde o principio as medidas precisas de atención á diversidade e informar ás familias se é preciso.

### Avaliación continua

- **Periodicidade coa que se farán probas:**
  - o En cada unidade didáctica realizarase polo menos unha proba teórico-práctica.
- **Como se cualifican as probas teórico-prácticas, os traballos individuais ou colectivos e a observación do traballo na aula?**
  - o Todas as probas calificaranse de 0 a 10, redondeando á alza a partir de 0,6 puntos.
- **Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información:**
  - a. Ao longo do curso utilizaremos como instrumento un rexistro anecdótico a través dunha aplicación informática. Os aspectos que valoraremos no **traballo diario** estarán incluídos naqueles estándares de aprendizaxe do Bloque 1. “Contidos comúns en E.F.” (o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, respecto das normas de grupo, de seguridade na práctica e de xogo limpo, colaboración nas actividades grupais, etc.)
  - b. Ademais da observación de aula, realizaranse **probos específicas** nas unidades didácticas desenvolvidas. Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilizaremos nas unidades didácticas serán:
    - i. En relación aos estándares de aprendizaxe de carácter conceptual realizaranse traballos individuais e/ou grupais, probas teóricas ou exposicións orais.
    - i. En relación aos estándares de aprendizaxe de carácter procedimental (posta en práctica de habilidades) realizaranse test de condición física, probas de execución ou circuitos motrices.
- **Como se CALCULA A CUALIFICACIÓN de cada unha das avaliacións?** Os criterios de cualificación responderán ás seguintes porcentaxes:
  - a. O **traballo diario** recollido nos estándares de aprendizaxe do Bloque 1. “Contidos comúns en E.F.” terá un valor do 20% da cualificación.
  - b. As **probos específicas** permitirán a avaliación de:
    - ii. Estándares de aprendizaxe de carácter conceptual (un valor do 20% da cualificación). En relación aos traballos teóricos ou fichas de actividades entregaranse no día prefixado na clase. O retraso dos mesmos considerase un aspecto que debe ter unha penalización na cualificación, restándolle un punto por cada día que se retrase na entrega do mesmo.
    - iii. Estándares de aprendizaxe de carácter procedimental (posta en práctica de habilidades): un valor do 60% da cualificación.
  - o Para superar cada avaliación haberá que acadar un 5 sobre 10 unha vez feita a media de todos os apartados. Redondearase á alza a partir de 0,6 puntos.
  - o **Avaliación dos alumnos/as lesionados/as** → Aquel alumnado lesionado de forma temporal ou permanente deberá traer un xustificante médico ou familiar. Será cualificado mediante a entrega e valoración correspondente de todos os traballos que se lles encargue, así como a través das fichas diarias de clase. Tamén deberán realizar os controis teóricos.
  - o En caso de non superar unha avaliación, realizarase unha proba teórico/práctica de recuperación ao comezo do seguinte trimestre. Se a avaliación non superada é a terceira, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

## Avaliación final

- A avaliación ordinaria de xuño será a media das tres avaliacións, obtendo unha media de 5 sobre 10 para superar a materia. Redondearase á alza a partir de 0,6 puntos.

## Avaliación extraordinaria

- O alumnado deberá realizar unha **proba teórica** (compendio de test e tarefas motoras levadas a cabo durante o curso cun valor do 70%) e outra **proba conceptual** (cun valor do 30%) atendendo principalmente aos estándares impartidos na área de EF durante o curso.
- Para superar a avaliación haberá que acadar un 5 sobre 10 unha vez feita a media dos dous apartados anteriores.

## Organización das actividades de recuperación e avaliación de pendentes

- Realizarase un **programa de reforzo e recuperación** a través dun caderno ou conxunto de traballos teórico-prácticos tendo en conta os estándares do curso académico pendente que deberá entregar de forma periódica.
- Se non supera o programa, o alumno/a deberá presentarse a unha **proba no mes de maio** de carácter teórico que será cualificada de 0 a 10, tendo que acadar un 5 como mínimo para aprobar

## 9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				



## Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- **Periodicidade coa que se revisará:** revisarase oa final de cada avaliación, ao final do curso escolar, así como nas diferentes reunións de departamento que terán lugar ao longo do curso escolar.
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión:** Adaptarase a secuenciación dos contidos ás circunstancias particulares da práctica docente do presente curso, sen deixar de traballar e avaliar todos os estándares de aprendizaxe.

### Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				

12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 11.1. Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</li> <li>a) Tempos diferenciados: darlle un maior tempo para realizar as probas prácticas.</li> <li>b) Espazos diferenciados</li> <li>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados: utilizar balóns de diferentes dimensións e cores; cambiar a altura e distancia do pase ou o ángulo de recepción do balón.</li> <li>• Reforzo educativo: adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión dos alumnos; buscar actividades alternativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/a grupo: <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Adaptacións pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual.</li> <li>➤ División do movemento en secuencias.</li> <li>➤ Modificar a traxectoria e a velocidade do móbil.</li> <li>➤ Simplificación do xesto: andar en troques de correr.</li> <li>➤ Modificar a posición dos xogadores.</li> <li>➤ Reducir a distancia e desprazamentos de lanzar ou recoller.</li> </ul> </li> <li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a</li> <li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li> <li>• Programa específico para alumnado repetidor da materia.</li> <li>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</li> </ul>

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adaptacións curriculares na materia: refírense a aquelas adaptacións que van requirir unha modificación parcial do currículo e que vai vir determinada por aqueles alumnos/as con serias dificultades motrices que lles impiden o seguimento normal das actividades prácticas. Farase tendo en conta o informe médico e as prescricións correspondentes.</li> </ul>

## 11.2. Aspectos xerais

Partimos da idea xeral de que cada alumno/a é diferente aos demais; os aprendizaxes previos, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferenzas entre o alumnado á hora de aprender, e de aí que a aprendizaxe se desenvolva de modo individualizado, de maneira que cada cal observe a súa propia progresión.

En relación á atención á diversidade do alumnado terase en conta a organización de actividades de reforzo ou apoio e de ampliación, que lles permitirán o seguimento do ritmo da clase ao igual que o resto dos seus compañeiros/as. En casos máis significativos, poderase establecer unha **adaptación curricular**.

Como medidas xerais estableceremos as seguintes:

- Atención personalizada en función das necesidades de cada un.
- Procurar que todos os alumnos e alumnas alcancen similares obxectivos, partindo da non discriminación e non separación en función das condicións de cada estudante.
- Buscaremos a máxima normalidade con propostas o máis cercanas posibles ao currículo ordinario e a maior atención individual.

Actividades ou estratexias que se utilizan na aula para atender á diversidade:

- Cambio de orde dos contidos.
- Programación de actividades de repaso.
- Flexibilización do tempo.
- Organización no ximnasio: facer grupos heteroxéneos por niveis e con actividades diferentes.
- Utilización de materiais diversos, en función do nivel do alumno: outros libros, tarxetas, xogos didácticos, fichas de reforzo, fichas de ampliación.
- Integración de todo o alumnado na aula.
- Priorizar métodos que favorezan a expresión, a reflexión e a comunicación.
- Ofrecer actividades para que lles permitan conseguir éxito ante o grupo.
- O tratamento destes alumnos e alumnas con dificultades farase sempre en coordinación cos profesores especialistas e o equipo de orientación, co fin de lograr fomentar o desenvolvemento das súas capacidades físicas, cognitivas e, o máis importante: lograr unha integración do alumno na aula e na dinámica do instituto.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Por mor da pandemia mundial xerada polo COVID-19 este curso académico non teremos actividades complementarias nin extraescolares. Intentaremos facer algunha ruta de sendeirismo polos arredores do centro ou actividades na praia anexa, que cumpra as normas de seguridade, sendo unha actividade o aire libre e respectando a distancia de 2 metros entre o alumnado.

## 13. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Educación Física	4º	A	Sergio Pereira Bendaña

- XEFE DE DEPARTAMENTO → ANTONIO VARELA MAGARIÑOS

## 14. POSIBLES ESCENARIOS CONSECUCENCIA DO COVID-19

- Pódese dar o caso de tres posibles escenarios:
  - ESCENARIO 1: PRESENCIAL. Seguindo o exposto na presente programación.
  - ESCENARIO 2: SEMI-PRESENCIAL (o 80% do traballo da avaliación non se realiza nun só escenario, casa ou centro)
  - ESCENARIO 3: CONFINAMENTO (máis do 80% do traballo da avaliación realizase na casa, casa ou centro)

### • ESCENARIO 2 SEMI-PRESENCIALIDADE

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
<b>Avaliación</b>	Procedementos e Instrumentos: No caso de confinamento, o alumnado terá a súa disposición unha serie de tarefas obrigatorias para realizar a través do aula virtual, o correo e web. O alumnado deberá mandar: 1. Un vídeo mínimo á semana onde se vexa o traballo (absolutamente privados) Si hai problemas coa entrega dos vídeos, o profesorado buscará solucións alternativas. 2. Os traballos teóricos ou de visualización deportiva que se pidan de forma semanal ou quincenalmente. 3. Dada a importancia da actividade física durante a corentena, a idea é dividir as 2 horas semanais nun traballo de media hora mínimo uns 4 ou 5 días á semana, onde se realicen as tarefas físicas marcadas.
<b>Cualificación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ferramentas de avaliación dos estándares vinculados a práctica terán un valor do 60% : vídeos.</li><li>• Ferramentas de avaliación dos estándares vinculados a parte conceptual terán un valor do 30%: Traballos de investigación e/ou visualizacións deportivas</li><li>• Evidencias dos estándares de aprendizaxe vinculados a o traballo diario, actitude, normas e valores terán un valor do 10% : puntualidade na entrega dos traballos e actitude á hora da realización dos vídeos.</li><li>• A Cualificación total saerá da suma dos % anteriores. A CUALIFICACIÓN FINAL DO CURSO, sairá da media entre as notas das 3 avaliacións unha vez aprobadas.</li></ul>
<b>Proba extraordinaria</b>	Dada a imposibilidade de coñecer a evolución da pandemia, a proba extraordinaria avaliará os estándares de aprendizaxe vinculados á creación de hábitos de vida saudable baseados no exercicio físico.

METODOLOXÍA e ACTIVIDADES (no caso de traballar desde casa)	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballo semanal de condición física. Propoñeremos retos, actividades variadas e divertidas co fin de levar mellor o confinamento.</li><li>• Actividades físicas baseadas na coordinación e actividades alternativas.</li></ul>
<b>Metodoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Propoñeremos en marcha actividades vía aula virtual ou web. Realizarán traballos escritos baseados en como afecta a pandemia ao mundo do deporte e a actividade física.</li></ul>
<b>Materias e recursos</b>	Utilizarase o soporte dixital principalmente, mentres que nas actividades prácticas usarán todo o que teñen ao seu alcance dentro da súa casa.
<b>Información ao alumnados e ás familias</b>	Métodos de contacto a través de: <ul style="list-style-type: none"><li>• Correo electrónico.</li><li>• Aula Virtual</li><li>• Abalar.</li></ul>

• **ESCUENARIO 3: CONFINAMENTO**

<b>AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos e Instrumentos: No caso de confinamento, o alumnado terá a súa disposición unha serie de tarefas obrigatorias para realizar a través do aula virtual, o correo e web.</p> <p>O alumnado deberá mandar:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Un vídeo mínimo á semana onde se vexa o traballo (absolutamente privados) Si hai problemas coa entrega dos vídeos, o profesorado buscará solucións alternativas.</li> <li>2. Os traballos teóricos ou de visualización deportiva que se pidan de forma semanal ou quincenalmente.</li> <li>3. Dada a importancia da actividade física durante a corentena, a idea é dividir as 2 horas semanais nun traballo de media hora mínimo uns 4 ou 5 días á semana, onde se realicen as tarefas físicas marcadas.</li> </ol>
<b>Cualificación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ferramentas de avaliación dos estándares vinculados a práctica terán un valor do 60% : vídeos.</li> <li>• Ferramentas de avaliación dos estándares vinculados a parte conceptual terán un valor do 30%: Traballos de investigación e/ou visualizacións deportivas</li> <li>• Evidencias dos estándares de aprendizaxe vinculados a o traballo diario, actitude, normas e valores terán un valor do 10% : puntualidade na entrega dos traballos e actitude á hora da realización dos vídeos.</li> <li>• A Cualificación total sairá da suma dos % anteriores. A CUALIFICACIÓN FINAL DO CURSO, sairá da media entre as notas das 3 avaliacións unha vez aprobadas.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria</b>	Dada a imposibilidade de coñecer a evolución da pandemia, a proba extraordinaria avaliará os estándares de aprendizaxe vinculados á creación de hábitos de vida saudable baseados no exercicio físico.

<b>METODOLOXÍA e ACTIVIDADES (no caso de traballar desde casa)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo semanal de condición física. Propoñeremos retos, actividades variadas e divertidas co fin de levar mellor o confinamento.</li> <li>• Actividades físicas baseadas na coordinación e actividades alternativas.</li> </ul>
<b>Metodoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Propoñeremos en marcha actividades vía aula virtual ou web. Realizarán traballos escritos baseados en como afecta a pandemia ao mundo do deporte e a actividade física.</li> </ul>
<b>Materias e recursos</b>	Utilizarase o soporte dixital principalmente, mentres que nas actividades prácticas usarán todo o que teñen ao seu alcance dentro da súa casa.
<b>Información ao alumnados e ás familias</b>	<p>Métodos de contacto a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Aula Virtual</li> <li>• Abalar.</li> </ul>

## 15. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022